

16

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes  
15 minutos

Xogo de roda

Aprender nomes. Distensión

## ASTRÓLOGA E FUTURÓLOGA

### MATERIAIS

Non precisa materiais.

### ESPAZO

Espazo para estar sentados/as en roda.

### DESCRIPCIÓN

Quen dirixe o xogo irá adiviñando o porvir dos participantes mediante o sinxelo procedemento de facer unha frase coa inicial do nome e mais do apelido. Por exemplo: “Lois Pereiro... ti Levarás Plumas”, “Xan Rivas... ti Xantarás Robalizas”, “Beatriz Turnes.... ti, Buscarás Tesouros”. O xogo consiste en adiviñar o procedemento e, sen explicalo, demostrar que se sabe adiviñando o futuro de quen estea adiviñando.

